

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
M.P.**

REUNIDOS

Dunha parte,

Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

O Excmo. Sr Don xxxxxxxxxxxxxx, presidente do padroado da **Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P.**, en virtude do disposto no artigo 12 dos Estatutos de constitución da Fundación e coas facultades de representación que lle facultan para asinar o presente convenio segundo o disposto no artigo 17 dos referidos Estatutos en representación da entidade Fundación Universidade de Santiago de Compostela con número de identificación fiscal G70123971 e domicilio social no Edificio Emprendia, s/n. Pranta 1 Puerta S1 (Campus Vida) código postal 15782, en Santiago de Compostela (A Coruña), como entidade sen ánimo de lucro e rexistrada no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, clasificada de interese deportivo por Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de decembro de 2007 e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Deporte e Cultura do 28 de decembro de 2007, figurando inscrita co número 2007/18

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

Consonte ao artigo 21.2 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Home, as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das Administracións públicas. No ámbito galego, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade regula no capítulo VIII do título I a colaboración autonómica coas corporacións locais, en particular para a creación e mantemento de plans municipais de igualdade e promoción e creación de concellarías da muller e no capítulo III do título IV a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación.

Pola súa banda, e tamén no ámbito galego, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, lembra nos seus principios o de cooperación e coordinación, consonte ao cal os Concellos, como administración máis achegada á cidadanía participarán no desenvolvemento da lei, habilitándose por parte da administración galega os recursos necesarios a tal fin (artigo 4.5). No ámbito estatal, de acordo co artigo 19.1 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais, responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinidade profesional.

Como tales dereitos sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo de conformidade cos artigos 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo situacións de violencia de xénero e incluíndo o dereito á igualdade por razón de xénero, e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Finalmente, a Carta Europea para a Igualdade de Mulleres e Homes na vida local (Consello de Municipios e Rexións de Europa, 2006) incide en que as autoridades locais e rexionais, que son as esferas de goberno máis achegadas á poboación, representan os niveis de intervención máis axeitados para combater a persistencia e a reprodución das desigualdades e para promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria.

Así, neste marco, o Concello promove a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, un dereito básico recollido en diferentes normas e leis. Dende a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo trabállase por unha intervención pública e cidadá sistemática e integral que remova os obstáculos e evite a discriminación por razón de sexo, cunhas políticas que garantan a igualdade real entre mulleres e homes, a igualdade de responsabilidades e dereitos. As políticas de xénero impregnan toda a acción municipal, con propostas en todos os ámbitos ao tempo que se aplican medidas específicas destinadas á mellora da situación das mulleres.

Segundo.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o

acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atibuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

Terceiro

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Cuarto.

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. é unha institución dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, clasificada de interese deportivo por Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de decembro de 2007 (DOGA nº 243, de 18 de decembro de 2007) e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Cultura e Deporte do 28 de decembro de 2007 (DOGA nº 8, de 11 de xaneiro de 2008), figurando inscrita co número 2007/18 do Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

Segundo o artigo 6 dos seus estatutos, a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. ten coma unha das súas finalidades principais, a promoción, incentivo e desenvolvemento da actividade físico-deportiva, preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

Quinto.

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P., ten, entre outras, como fins fundacionais segundo o artigo 6 dos seus Estatutos:

- a) Prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade.
- b) Colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria.
- c) Canalizar, a través dos instrumentos oportunos, a cooperación entre Universidade, os axentes económicos e entidades e institucións de calquera natureza.
- d) Promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural e deportiva.
- e) Fomentar, promover, xestionar, organizar e prestar servizos relacionados coa actividade físico-deportiva así como a realización de accións subordinadas, relacionadas ou accesorias a aquela, preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

PROGRAMA “VERÁN CAMPUSC 2022”: Módulo específico de Actividades de Ocio e Tempo Libre

Para levar a cabo este programa o custe total aproximado, ascende a un total de **NOVE MIL DOUS CENTOS EUROS (9.200,00 €)**.

(Ver Orzamento desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para a subvención obxecto deste Convenio no **ANEXO I**)

SEGUNDA.- CONTIDO.

- **DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:**

PROGRAMA “VERÁN CAMPUSC 2022”

- **DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

O programa Verán CampUSC 2022 está concibido como unha actividade deportiva, cultural, socioeducativa e de lecer, desenvolta no período de verán coa finalidade de que pais e nais traballadores poidan conciliar a vida laboral e familiar neste período.

Neste proxecto amosarémolles aos participantes as bases dunha importante cantidade de xogos e deportes, atendendo ás súas idades e desenvolvemento psíquico-físico.

O Verán CampUSC divídese nas seguintes cinco quendas: do 23 ao 30 de xuño, do 1 ao 15 de xullo, do 18 ao 22 de xullo, do 26 ao 29 de xullo e do 1 ao 7 de setembro (esta última podería variar unha vez que se publique o calendario do curso escolar 2022/2023).

Cada unha destas quendas conta con dúas saídas en autobús: unha a unha piscina ao aire libre e outra a algún espazo de especial interese natural ou cultural. O resto das xornadas divídense en tres actividades deportivas e de ocio e tempo libre diferentes.

O público destinatario son nenos e nenas nados/as entre o 2005 e 2018 que posteriormente se dividirán en seis grupos diferentes en función das súas idades.

Dentro da axuda do Concello de Santiago de Compostela, a Fundación destinará as actividades de ocio e de tempo libre, a este proxecto para a súa xustificación.

- **OBXECTIVOS E PRIORIDADES**

Obxectivos Xerais:

- Dar unha alternativa diferente ao sedentarismo e ofertar un ocio de calidade aos usuarios e usuarias.
- Fomentar valores humanos e actitudes positivas mediante o deporte.
- Educar, mediante a diversión e o entretemento, aos/ás participantes realizando diversas actividades deportivas.
- Converter o tempo libre e de ocio nun instrumento de enriquecemento e desenvolvemento persoal mediante actividades físico-deportivas.
- Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar dos pais e nais dos nenos e das nenas participantes durante o período das vacacións escolares de verán realizando actividades deportivas e lúdicas.
- Fomentar o deporte para todos e todas.
- Concienciar nos hábitos de limpeza e hixiene básicos

Obxectivos específicos:

- Promover a iniciación en diversas actividades físico-deportivas, moitas veces pouco coñecidas para os/as participantes.

- Fomentar nos e nas participantes a convivencia, o respecto mutuo, a cooperación, o traballo en equipo e o desenvolvemento dunha serie de actitudes que lles axuden a formarse como persoas.
- Aprender a aceptar as normas establecidas nos xogos.
- Desenvolver hábitos de limpeza, coidado persoal, actitudes de responsabilidade e autonomía a través da diversión e o xogo, tendo en conta as idades ás que se dirixe a actividade.
- Fomentar a relación e a comunicación interpersonal dos nenos e das nenas.

En canto aos obxectivos específicos motrices, divídense en dous grupos atendendo ás idades dos nenos e nenas:

3-6 anos:

- Mellorar a coordinación óculo-manual
- Desenvolver a habilidade motora para a mellora do equilibrio, saltar e producir os primeiros lanzamentos.
- Mellorar o desenvolvemento motor fino.
- Ter unha maior autonomía e seguridade nos movementos.
- Familiarizarse co medio acuático.

7-13 anos:

- Traballar a motricidade xeral.
- Reforzar os patróns motrices básicos como correr, saltar, trepar, camiñar... e combinar estes movementos con habilidades e destrezas motrices máis complexas como poden ser o manexo de obxectos, golpeos, lanzamentos...
- Desenvolver as capacidades perceptivo-motrices, así como a estruturación espazo-temporal.
- Potenciar a bilateralidade e a independencia dos distintos segmentos corporais: cabeza, extremidades, tronco..
- Desprazarse polo medio acuático con seguridade.

14-17 anos:

- Coñecer, utilizar e valorar o seu corpo e o movemento como medio de exploración, descubrimento e desfrute das súas posibilidades motrices..
- Comprender e valorar os efectos que a práctica de actividades físicas, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais teñen sobre a saúde.
- Resolver problemas motores en entornas habituais e naturais, seleccionando e aplicando principios e regras na práctica de actividades físicas, lúdicas, deportivas e expresivas.
- Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoexixencia acorde coas súas posibilidades e as da tarefa motriz.

ÁMBITO TERRITORIAL

O Verán CampUSC ten lugar fundamentalmente nas instalacións deportivas do Campus Vida na cidade de Compostela a través dun acordo da Fundación Universidade de Santiago de Compostela (en adiante Fundación) coa USC: pavillón polideportivo, (con diversas salas), estadio de atletismo (con diversas salas) campo de hoquei de herba natural e campo de fútbol de herba artificial. Utilízanse tamén as zonas exteriores anexas a estas instalacións e, ocasionalmente, a zona do monte Pedroso e o Sarela.

Unha vez por quenda acódesse á piscina Fontes do Sar. Outros lugares susceptibles de ser visitados polo seu interese cultural son a Cidade da Cultura e diferentes museos ou edificios da cidade.

Ao tratarse dunha actividade de conciliación que ten lugar na cidade de Santiago de Compostela, as persoas participantes proceden deste municipio..

PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO

O proxecto vai dirixido a rapaces e rapazas nados entre 2005 e 2018. Cada quenda ten 120 prazas, polo que poderían chegar a atenderse ata 600 persoas diferentes

Sector de poboación atendida e número:

Os sectores principais de poboación que se atenden con este proxecto son Familia e Infancia, aínda que tamén se ven afectados o da Muller e Persoas Maioras (especialmente nos casos nos que se ven obrigados a coidar dos nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares).

Aínda que o Verán CampUSC non é unha actividade específica para este sector, tamén poden acudir persoas que teñan recoñecida unha discapacidade. Procúrase desenvolver actividades inclusivas.

IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO.

Con esta actividade preténdese fomentar unha ocupación activa do tempo de lecer e a promoción do deporte como saúde e como xeito de socialización, obxectivos que compartimos co Concello de Santiago de Compostela.

No Verán CampUSC os rapaces e rapazas participantes chegan a practicar un amplo abano de actividades diferentes aínda que en tan pouco tempo non se pode chegar a dominar ningunha delas. O fin de mostrar todas estas actividades é que os nenos e nenas mostren interese por algunha delas e que a practiquen de forma máis continuada durante o curso escolar.

En canto ao aspecto social do proxecto, considerase fundamental ofrecer unha actividade que permita a conciliación entre a vida laboral e familiar durante o período non escolar do verán.

Unha vez rematada a actividade se lles envía ás familias participantes un cuestionario de valoración onde se lles pregunta acerca da facilidade á hora de inscribirse, a calidade percibida nas instalacións e actividades, adecuación dos horarios as súas necesidades, o ratio de nenos/as por monitor/a e a satisfacción dos nenos e das nenas co programa, co fin de mellorar en cada edición.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Recursos materiais:

O Verán CampUSC é unha actividade que se leva a cabo nas seguintes instalacións deportivas:

- Pavillón polideportivo
- Sala multiusos dentro do pavillón polideportivo
- Pistas de atletismo

- Sala de artes marciais (tatami)
- Sala de usos múltiples (con tarima flotante e espellos)
- Campo de hoquei de herba natural
- Campo de fútbol de herba artificial

Aínda que non son espazos especificamente deportivos, utilízanse tamén diversos parques da cidade para levar a cabo actividades como a orientación, ou zonas do medio natural próximas para facer sendeirismo.

Para as actividades acuáticas lévase aos/ás participantes a unha piscina ao aire libre.

O material necesario para levar a cabo todas as actividades programadas é:

- Aparellos de música
- Valados
- Tacos de saída de atletismo
- Testemuños (para as carreiras de relevos)
- Colchonetas
- Material de xogos alternativos: bolas de malabares, frisbees, indiakas, diabólos...
- Balóns e pelotas de diversos tipos e tamaños
- Material propio dos xogos populares: bolos, billarda, buxainas...
- Raquetas de tenis e de bádminton
- Redes de tenis, bádminton e voleibol
- Palas de tenis de mesa
- Mesas de tenis de mesa
- Material para iniciarse no hoquei: sticks, pelotas, porterías...
- Balizas de orientación
- Mapas
- Picas
- Aros

-Cordas

-Conos

Ademais do material propiamente deportivo, o traballo de oficina é imprescindible, principalmente nas primeiras fases do proxecto. A inscrición faise de forma online, polo que a nosa páxina web xoga un papel fundamental.

Os recursos humanos:

-Equipo de traballo de entre 6-8 persoas tituladas en actividades de ocio e tempo libre e animación sociocultural

-Monitores e monitoras

-Responsable de programa

-Técnica deportiva

-Administrativa

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Unha vez rematada a actividade se lles envía ás familias participantes un cuestionario de valoración.

Estas son as cuestións que deben valorar de 1 (nada de acordo) a 5 (completamente de acordo):

A organización do Verán CampUSC:

- O proceso de inscrición e matrícula resultounos cómodo
- O proceso de pago resultounos cómodo
- A información recibida sobre o programa foi suficiente
- O custo do programa resultou excesivo para a economía familiar
- Independentemente do anterior, houbo unha axeitada relación calidade/prezo
- O proceso de selección dos nenos e nenas foi correcto

Instalacións, horarios e actividades do Verán CampUSC:

- As instalacións eran accesibles para deixar e recoller aos nenos e nenas
- O horario dos programas resultounos axeitado ás nosas necesidades

- As actividades realizadas parecerónnos axeitadas para o/a neno/a
- As actividades realizadas resultáronlle atractivas ao/á neno/a

Monitores/as do Verán CampUSC:

- O número de nenos/as por monitor/a pareceunos axeitado
- Os nenos/as estiveron a gusto cos seus monitores/as
- As competencias e a formación dos/as monitores/as parécennos adecuadas

Os nenos e nenas:

- O neno/a acudiu contento ao programa
- O neno/a divertíuse durante o programa
- O neno/a aprendeu
- O neno/a integrouse ben co grupo

Ademais da valoración numérica destes apartados, os pais e nais teñen un apartado de observacións onde indicar todo aquilo que consideren oportuno. Finalmente pídeselles que valoren a actividade de forma global de 0 a 10.

A avaliación do programa vaise realizando tamén de forma continua co *feedback* que proporcionan tanto os nenos e nenas participantes coma os seus proxenitores e o persoal, polo que se unha actividade non acada o éxito previsto, non se repetirá nas seguintes quendas ou ao contrario, se algún xogo ou actividade ten moito éxito, procurarase, na medida do posible, volver a introducila nas quendas restantes.

VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR

O Verán CampUSC preséntase a través dunha nota de prensa o día da apertura da prescrición, polo que ao día seguinte aparece en diversos medios de comunicación. A través dun acordo de difusión coa Universidade de Santiago de Compostela, esta envía información a toda a comunidade universitaria. A Federación de ANPAS Compostela adoita enviar información a todos os centros educativos de Santiago de Compostela. Colócanse carteis por todo o Concello, especialmente nas zonas próximas a centros escolares ou deportivos e procédese ao envío de mailing á base de datos da Fundación (1.900 contactos).

Ao longo de todo o proxecto, dende a súa presentación ata o remate da última quenda, envíanse diversas notas de prensa salientando as actividades máis interesantes e indicando o número de prazas libres nas quendas restantes.

Cada nova ou novidade sobre o proxecto publícase tamén nas redes sociais da Fundación (Facebook e Twitter) e toda a Información está sempre dispoñible na páxina web.

Concédense tamén entrevistas a diversos medios de comunicación (radio, prensa e televisión).

DATAS

Inicio do proxecto: 01/02/2022

Fin do proxecto: 30/09/2022

Desenvolvemento do programa:

1ª quenda: do 23 ao 30 de xuño de 2022

2ª quenda: do 01 ao 15 de xullo de 2022

3ª quenda: do 18 ao 22 de xullo de 2022

4ª quenda: do 26 ao 29 de xullo de 2022

5ª quenda: do 01 ao 07 de setembro de 2022 (ou ata o día anterior ao comezo das clases de Educación Infantil e Primaria)

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:

O programa/proxecto dividirase en tres grandes grupos de actividades (que se desenvolven de maneira transversal) que se describirán a continuación.

No caso concreto, para este convenio de colaboración, utilizaranse as actividades de ocio e tempo libre, cos seus custes e a súa particularidade dentro do programa global. As actividades de ocio e tempo libre, ao igual que nas anteriores once edicións anteriores, son dinamizadas por unha escola de ocio e tempo libre de Compostela con experiencia e prestixio no sector.

O Verán CampUSC divídese en tres grandes grupos de actividades: actividades deportivas, actividades de ocio e tempo libre e actividades educativas e culturais.

NOME DA ACTIVIDADE:

1. Actividades Deportivas:.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER:

Neste bloque de actividades englobanse diferentes deportes e actividades físicas: atletismo, béisbol, loita, ximnasia, hoquei, ioga, judo, kung fu, Taekwondo, acrosport, actividades de ritmo, baloncesto, balonmán, orientación, tenis, voleibol, actividades acuáticas... Entre outras.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE:

En función das idades, os obxectivos motrices das actividades deportivas son:

3-6 anos:

- Mellorar a coordinación óculo-manual
- Desenvolver a habilidade motora para a mellora do equilibrio, saltar e producir os primeiros lanzamentos.
- Mellorar o desenvolvemento motor fino.
- Ter unha maior autonomía e seguridade nos movementos.
- Familiarizarse co medio acuático.

7-13 anos:

- Traballar a motricidade xeral.
- Reforzar os patróns motrices básicos como correr, saltar, trepar, camiñar... e combinar estes movementos con habilidades e destrezas motrices máis complexas como poden ser o manexo de obxectos, golpes, lanzamentos...
- Desenvolver as capacidades perceptivo-motrices, así como a estruturación espazo-temporal.
- Potenciar a bilateralidade e a independencia dos distintos segmentos corporais: cabeza, extremidades, tronco..
- Desprazarse polo medio acuático con seguridade

14-17 anos:

- Coñecer, utilizar e valorar o seu corpo e o movemento como medio de exploración, descubrimento e desfrute das súas posibilidades motrices..
- Comprender e valorar os efectos que a práctica de actividades físicas, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais teñen sobre a saúde.
- Resolver problemas motores en entornas habituais e naturais, seleccionando e aplicando principios e regras na práctica de actividades físicas, lúdicas, deportivas e expresivas.
- Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoexixencia acorde coas súas posibilidades e as da tarefa motriz.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, NÚMERO, IDADE E AS CARÁCTERÍSTICAS DA POBOACIÓN:

As persoas ás que van dirixidas estas actividades teñen de 3 a 17 anos, e divídense en seis grandes grupos de franxas de idade para poder adaptar cada deporte ás características dos nenos e nenas: 3 e 4 anos, 5 anos, 6 e 7 anos, de 8 a 9 anos, de 10 a 13 anos e de 14 a 17 anos. Cada un destes grupos pode chegar a estar formado por unhas 20 persoas, aínda que se as necesidades sanitarias o requiren, subdividiranse en grupos máis reducidos.

Aínda que o Verán CampUSC non é unha actividade específica para este sector, no caso de acudir persoas que teñan recoñecida unha discapacidade, procúrase desenvolver actividades inclusivas.

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Espazos deportivos do Campus Vida:

- Pavillón polideportivo
- Sala multiusos dentro do pavillón
- Pistas de atletismo
- Sala de artes marciais (tatami)
- Sala de usos múltiples (con tarima flotante e espellos)
- Campo de hoquei de herba natural
- Campo de fútbol de herba artificial

Para as actividades acuáticas acódese unha vez por quenda á Piscina Fontes do Sar.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:

- Solicitar ao persoal de edicións anteriores suxerencias sobre novas actividades deportivas que se poidan incluír, cales eliminar e cales repetir.
- Solicitar orzamentos para o material deportivo.
- Solicitar a cesión das instalacións deportivas á Universidade de Santiago de Compostela.
- Solicitar autobuses para ir á piscina e a utilización da mesma.
- Seleccionar grupo de traballo.
- Seleccionar actividades definitivas.
- Executar as actividades deportivas segundo o calendario previsto.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Recursos materiais:

O Verán CampUSC é unha actividade que se leva a cabo nas seguintes instalacións deportivas:

- Pavillón polideportivo
- Sala multiusos dentro do pavillón polideportivo
- Pistas de atletismo
- Sala de artes marciais (tatami)
- Sala de usos múltiples (con tarima flotante e espellos)
- Campo de hoquei de herba natural
- Campo de fútbol de herba artificial

Aínda que non son espazos especificamente deportivos, utilízanse tamén diversos parques da cidade para levar a cabo actividades como a orientación, ou zonas do medio natural próximas para facer sendeirismo.

Para as actividades acuáticas lévase aos/ás participantes a unha piscina ao aire libre.

O material necesario para levar a cabo todas as actividades programadas é:

- Aparellos de música

- Valados
- Tacos de saída de atletismo
- Testemuños (para as carreiras de relevos)
- Colchonetas
- Material de xogos alternativos: bolas de malabares, frisbees, indiakas, diabólos...
- Balóns e pelotas de diversos tipos e tamaños
- Material propio dos xogos populares: bolos, billarda, buxainas...
- Raquetas de tenis e de bádminton
- Redes de tenis, bádminton e voleibol
- Palas de tenis de mesa
- Mesas de tenis de mesa
- Material para iniciarse no hoquei: sticks, pelotas, porterías...
- Balizas de orientación
- Mapas
- Picas
- Aros
- Cordas
- Conos

Ademais do material propiamente deportivo, o traballo de oficina é imprescindible, principalmente nas primeiras fases do proxecto. A inscrición faise de forma online, polo que a nosa páxina web xoga un papel fundamental.

Os recursos humanos:

- Equipo de traballo de entre 6-8 persoas tituladas en actividades de ocio e tempo libre e animación sociocultural
- Monitores e monitoras
- Responsable de programa

-Técnica deportiva

-Administrativa

DATAS:

Inicio do proxecto: 01/02/2022

Fin do proxecto: 30/09/2022

Desenvolvemento da actividade:

1ª quenda: do 23 ao 30 de xuño de 2022

2ª quenda: do 01 ao 15 de xullo de 2022

3ª quenda: do 18 ao 22 de xullo de 2022

4ª quenda: do 26 ao 29 de xullo de 2022

5ª quenda: do 01 ao 07 de setembro de 2022 (ou ata o día anterior ao comezo das clases en Educación Infantil e Primaria)

NOME DA ACTIVIDADE:

2.Actividades de ocio e tempo libre

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER:

Neste bloque de actividades englobanse diferentes xogos de tipo cooperativos, musicais, de conciencia corporal, de expresión corporal, predeportivos, tradicionais, cancións... E obradoiros con diferentes técnicas e materiais: modelaxe, pintura, recortables, papiroflexia...

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE

- Fomentar valores humanos e actitudes positivas.
- Educar, mediante a diversión e o entretemento, aos/ás participantes realizando diversas actividades.
- Converter o tempo libre e de ocio nun instrumento de enriquecemento e desenvolvemento persoal.

-Fomentar nos e nas participantes a convivencia, o respecto mutuo, a cooperación, o traballo en equipo e o desenvolvemento dunha serie de actitudes que lles axuden a formarse como persoas.

- Aprender a aceptar as normas establecidas nos xogos.

-Desenvolver hábitos de limpeza, coidado persoal, actitudes de responsabilidade e autonomía a través da diversión e o xogo, tendo en conta as idades ás que se dirixe a actividade.

- Fomentar a relación e a comunicación interpersoal dos nenos e nenas.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

As persoas ás que van dirixidas estas actividades teñen de 3 a 17 anos, e divídense en seis grandes grupos de franxas de idade para poder adaptar cada deporte ás características dos nenos e nenas: de 3 e 4 anos, 5 anos, de 6 e 7 anos, de 8 a 9 anos, de 10 a 13 anos e de 14 a 17 anos. Cada un destes grupos pode chegar a estar formado por unhas 20 persoas, aínda que se as necesidades sanitarias o requirisen, subdividirase en grupos máis reducidos..

Aínda que o Verán CampUSC non é unha actividade específica para este sector, no caso de acudir persoas que teñan recoñecida unha discapacidade, procúrase desenvolver actividades inclusivas.

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Espazos deportivos do Campus Vida:

- Pavillón polideportivo
- Sala multiusos dentro do pavillón
- Pistas de atletismo
- Sala de artes marciais (tatami)
- Sala de usos múltiples (con tarima flotante e espellos)
- Campo de hoquei de herba natural
- Campo de fútbol de herba artificial

Utilízanse tamén os espazos ao aire libre ao redor destas instalacións.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:

- Solicitar ao persoal de edicións anteriores suxerencias sobre novas actividades e xogos que se poidan incluír, cales eliminar e cales repetir.
- Solicitar orzamentos para o material
- Solicitar a cesión das instalacións deportivas á Universidade de Santiago de Compostela.
- Seleccionar grupo de traballo.
- Seleccionar actividades definitivas.
- Executar os xogos e obradoiros segundo o calendario previsto.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Recursos materiais:

O Verán CampUSC é unha actividade que se leva a cabo nas seguintes instalacións deportivas:

- Pavillón polideportivo
- Sala multiusos dentro do pavillón polideportivo
- Pistas de atletismo
- Sala de artes marciais (tatami)
- Sala de usos múltiples (con tarima flotante e espellos)
- Campo de hoquei de herba natural
- Campo de fútbol de herba artificial

Aínda que non son espazos especificamente deportivos, utilízanse tamén diversos parques da cidade para levar a cabo actividades como a orientación, ou zonas do medio natural próximas para facer sendeirismo.

Para as actividades acuáticas lévase aos/ás participantes a unha piscina ao aire libre.

O material necesario para levar a cabo todas as actividades programadas é:

- Aparellos de música
- Valados

- Tacos de saída de atletismo
- Testemuños (para as carreiras de relevos)
- Colchonetas
- Material de xogos alternativos: bolas de malabares, frisbees, indiakas, diabólos...
- Balóns e pelotas de diversos tipos e tamaños
- Material propio dos xogos populares: bolos, billarda, buxainas...
- Raquetas de tenis e de bádminton
- Redes de tenis, bádminton e voleibol
- Palas de tenis de mesa
- Mesas de tenis de mesa
- Material para iniciarse no hoquei: sticks, pelotas, porterías...
- Balizas de orientación
- Mapas
- Picas
- Aros
- Cordas
- Conos

Ademais do material propiamente deportivo, o traballo de oficina é imprescindible, principalmente nas primeiras fases do proxecto. A inscrición faise de forma online, polo que a nosa páxina web xoga un papel fundamental.

Os recursos humanos:

- Equipo de traballo de entre 6-8 persoas tituladas en actividades de ocio e tempo libre e animación sociocultural
- Monitores e monitoras
- Responsable de programa
- Técnica deportiva

-Administrativa

DATAS:

Inicio do proxecto: 01/02/2022

Fin do proxecto: 30/09/2022

Desenvolvemento da actividade:

1ª quenda: do 23 ao 30 de xuño de 2022

2ª quenda: do 01 ao 15 de xullo de 2022

3ª quenda: do 18 ao 22 de xullo de 2022

4ª quenda: do 26 ao 29 de xullo de 2022

5ª quenda: do 01 ao 07 de setembro de 2022 (ou ata o día anterior ao comezo das clases en Educación Infantil e Primaria)

NOME DA ACTIVIDADE:

3. Visita ao Concello de Santiago de Compostela e ao Reitorado da USC (actividades educativas e culturais)

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER:

Visita a dúas das institucións máis importantes da cidade de Santiago de Compostela

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE

- Fomentar valores humanos e actitudes positivas.
- Educar, mediante a diversión e o entretemento, aos/ás nosos/as participantes realizando diversas actividades.
- Coñecer o funcionamento das dúas institucións
- Fomentar nos e nas participantes a convivencia, o respecto mutuo, a cooperación, o traballo en equipo e o desenvolvemento dunha serie de actitudes que lles axuden a formarse como persoas.

PERSOAS DESTINARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN

Estas visitas están dirixidas ao grupo de nenos e nenas de entre 10 e 17 anos, que poden chegar a ser de 40 persoas

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Edificios do Concello de Santiago de Compostela e do Reitorado da USC (Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela)

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:

- Solicitar a visita do grupo as dúas institucións
- Seleccionar grupo de traballo.
- Executar a visita segundo o calendario previsto

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Os recursos humanos:

- Equipo de traballo de entre 6-8 persoas tituladas en actividades de ocio e tempo libre e animación sociocultural
- Monitores e monitoras
- Responsable de programa
- Técnica deportiva
- Administrativa

DATAS:

Inicio do proxecto: 01/02/2022

Fin do proxecto: 30/09/2022

Desenvolvemento da actividade:

5ª quenda: do 01 ao 07 de setembro de 2022

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2022, achegará a **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P.** a cantidade de

NOVE MIL EUROS (9.000,00 €), segundo o previsto nos artigos 31, 32, 33 e no Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, e con cargo á aplicación orzamentaria **050 23102 4800001/2022**

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

CUARTA.GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.

A.1) GASTOS DE PERSOAL Poderán imputarse, os gastos derivados da contratación de servizos persoais xa sexa de forma fixa ou temporal: salarios ou nóminas, IRPF e seguros sociais. En función da modalidade de prestación dos servizos ou actividades, diferéncianse os seguintes:

A.1.1- Contrato laboral: deberá presentarse o correspondente contrato de traballo, de acordo coa normativa pola que se rexa, no que se deberán especificar as circunstancias previstas na normativa de aplicación:

- Tarefas a desempeñar
- Modalidade de contratación
- Categoría profesional
- Salario

Imputando o bruto da nómina:

Nómina que terá como imputación o total devengado a percibir polas persoas contratadas. Deberá achegar o recibo de transferencia bancaria.

Seguros sociais: son os que proporcionalmente correspondan á empresa polo tempo realmente dedicado á execución do proxecto de que se trate. Deberá presentar os TCS correspondentes ao mes no que o/o traballador/para dedica ao proxecto: recibo de liquidación de cotizacións (antigo TC1) e TC2, detallando a cantidade para imputar

correspondente á empresa e o seu xustificante de pago. A parte correspondente ao traballador xa se imputou na nómina, xa que este concepto forma parte do total devengado.

IRPF: Deberá así mesmo presentar o impreso 111 do IRPF correspondente, para a súa comprobación, e o seu xustificante de pago. Non se imputa contía xa está incluída na nómina, este concepto forma parte do total devengado.

NON terán a consideración de gastos subvencionable os orixinados por:

As persoas membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades polo desempeño do seu cargo, salvo as excepcións contempladas na Lei de Asociacións.

As penalizacións ou compensacións por incumprimentos de contrato, achacables á entidade beneficiaria da subvención, entre os que se inclúen os gastos por despedimentos.

As recargas por falta de pagamento ou atrasos en impostos retidos ou seguridade social.

Os gastos imputados no proxecto, por contratación ou prestación de servizos, realizados por persoas membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades. .En ningún caso aceptaranse facturas por prestación de servizos ou recibidos por impartición de xornadas formativas, de cargos directivos, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vogais da Xunta Directiva, emitidos á asociación con cargo á subvención. Só se admitirán como xustificables ou elegibles, relacións laborais por prestación de servizos en réxime de asalariado (traballador social, psicólogo,...) a condición de que, os cargos directivos non estean remunerados por exercer o devandito cargo e conste de forma expresa nos seus estatutos ou acordo da Xunta Directiva e no proxecto onde se solicita a subvención.

A.2) Os honorarios de profesionais que realicen funcións de execución directa do proxecto, tales como identificación de accións, seguimento de actuacións, execución de actividades ou avaliación.

a)O persoal non vinculado coa entidade poderá impartir talleres, conferencias e docencia, sempre que cumpra co requisito de impartición esporádica.

Deberá presentar:

Factura no que conste o concepto detallado da actividade formativa, taller....realizada, coas correspondentes retencións IRPF, e xustificante de pago.

Fotocopia do DNI.

Modelo 111 de ingreso de retención de IRPF, especificado como rendemento do traballo ou Resumo anual, modelo 190 de ingreso por retención de IRPF, coa relación anual de perceptores e xustificante de pago.

Declaración Responsable na que se faga constar os requisitos mencionados (impartición esporádica e non superar o salario mínimo profesional anual).

En ningún caso aceptaranse facturas por prestación de servizos ou recibidos por impartición de xornadas formativas, de cargos directivos, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vogais da Xunta Directiva, emitidos á asociación con cargo á subvención.

A.3) Alugueiro de inmobles. Establécese un límite máximo de imputación, que por defecto, non poderá superar, en ningún caso, o 25% do importe da subvención, aínda que esta limitación non será aplicable aos gastos correspondentes ao arrendamento de pisos destinados á acollida de persoas vulnerables.

Será considerado custo directo soamente se o espazo é utilizado para a execución directa das actividades do proxecto.

Tipo de alugueiros:

- Alugueiro de oficina ou local para realización de actividade.
- Alugueiros necesarios para o desenvolvemento da actividade (equipos de son, instalacións deportivas e culturais, mesas, cadeiras....).

Deberá presentar factura correspondente e xustificante de pago. No caso de alugueiros de oficinas ou locais dita factura incluírá o importe do alugueiro, o IVE e:

- A retención de IRPF cando quen arrenda sexa persoa física e, ademais, a persoa arrendataria estea incluído nalgún dos supostos do artigo 76 do Regulamento do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF). En resumo, teñen a obrigaición de reter os/as arrendatarios/ as que sexan persoas xurídicas.
- As retencións do Imposto de Sociedades. Nos casos en que quen arrenda estea sometido ao Imposto de Sociedades, a persoa inquilina practicará retención con cargo ao Imposto de Sociedades.

Para o caso de alugueiro de local habitual é necesaria a presentación do contrato de arrendamento, así como os impresos 115 e 180 de retencións fiscais para arrendamentos urbanos.

A.4) Contratación de seguros “ad hoc”, esixidos como condición para a cobertura ordinaria de persoas e bens afectados polo proxecto ou actividade subvencionada.

Neste concepto inclúese o importe das pólizas ou primas por responsabilidade civil e risco de accidentes, que puidesen producirse como consecuencia da realización das actividades subvencionada, (asistencia ás accións formativas, visitas didácticas, eventos...)

É necesario presentar a póliza, a relación das persoas aseguradas e a factura co seu xustificante de pago.

A.5).- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN.-Son os gastos relacionados con reparacións de equipos de oficina e os elementos do inmovilizado, para emendar un menoscabo producido por causas fortuítas ou accidentais e polo seu uso, sempre que non afecten á súa estrutura e estean relacionados directamente coas actividades subvencionadas. Tamén se incluírán os gastos relacionados coa limpeza de local ou similares. Deberá presentar factura detallada e xustificante segundo a forma de pago realizada.

A.6.- MATERIAL FUNXIBLE.-Son aqueles que se esgotan coa conclusión do mesmo. Inclúiranse nesta partida todos aqueles gastos correspondentes a consumibles informáticos, material de oficina, material de formación... Deberá presentar factura detallada e xustificante de pago segundo a forma de pago realizada.

A.7.- SUBMINISTRACIÓNS.-Gastos de subministracións relacionadas co proxecto, non inventariables: auga, luz, gas, teléfono, internet e similares.

Normalmente están compartidos con outros proxectos ou coas tarefas propias do funcionamento da entidade. Se se imputan ao proxecto gastos deste tipo deberase contemplar na xustificación os criterios seguidos para a súa imputación, en base a que criterios ou variables repártense os gastos e o cálculo das porcentaxes imputadas. Á marxe dos criterios de imputación que elixa a entidade para a imputación destes gastos, debe sempre terse en conta o seguinte:

Non serán subvencionables os consumos ou gastos que tivesen lugar forá do período de realización do proxecto, por tanto, terase en conta o período facturado que apareza na factura.

Os gastos deben corresponder a consumos realizados nos locais onde se desenvolve o proxecto ou consumos relacionados dalgún modo con el.

Deberá presentar factura xunto co seu xustificante de pago.

4.2.- Gastos non subvencionables:

1.) Os gastos financeiros, licenzas e tributos.
2. Sen prexuízo diso, o IVE/IVE considerarase gasto subvencionable, coa condición que se indica no parágrafo seguinte.
3. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
4. Por tanto, deberase presentar certificación negativa da Axencia Tributaria na que conste que a entidade non está dada de alta no Imposto sobre o Valor Engadido ou que non presentou declaración do Resumo Anual do Imposto sobre o Valor Engadido do/os exercicio/ s correspondente/ s, ou no seu caso modelo oficial de Resumo anual

- no que non figuren operacións, de acordo ao establecido no Real Decreto 1624/1992, do 29 de decembro.
5. Os gastos de investimento.
 6. As gratificacións que, no seu caso, perciban os voluntarios sociais da institución.
 7. Os gastos de desprazamento, dietas e manutención do persoal vinculado ao proxecto, incluídos os voluntarios e os membros dos órganos de goberno da entidade.
 8. Os intereses, recargas de amora e sancións que sexan impostas á entidade.
 9. Os gastos que se orixinen como consecuencia da simple participación dos membros da entidade nos órganos de goberno e dirección.
 10. Os gastos derivados das accións que teñan como obxectivo promocionar á institución en si mesma .
 11. Os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os gastos notariais e rexistrals.
 12. Gastos de restauración, cátering, degustacións culinarias e similares. Excepto os gastos para a compra de ingredientes culinarios e bebidas non alcohólicas, así como os que queden plasmados no orzamento de forma expresa e motivada, sempre que estean relacionados directamente co obxecto do proxecto e as actividades programadas.
 13. Gastos de investimento: son os destinados á creación de infraestruturas e á creación ou adquisición de bens de natureza inventariable e aqueloutras gastos que teñan carácter de amortizables (compra de computadores, impresoras, mesas, cadeiras, cámaras fotográficas, reprodutores de DVD, adquisición de dominios da internet....).
 14. Gastos destinados a investimentos para construción de instalacións e equipamento.
 15. Pólizas de seguros de vehículos, propiedade da entidade.
 16. Aqueles gastos, que non estando expresamente excluídos, non estean incluídos na formulación do proxecto presentado.
 17. O IVE da factura non será subvencionable se é susceptible de desgravación por parte da empresa, debendo presentar Declaración Responsable respecto diso.

QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2022. Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real

decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como **data límite o 30 de setembro de 2022**, a seguinte documentación:

- Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura
- Unha **Memoria de actuación** das actividades realizadas no proxecto xustificativa do cumprimento das obrigas contraídas, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.
- Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio .
- Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos

ás actividades subvencionadas. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

- Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) e nóminas ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola entidade
- Unha **Memoria Económica** xustificativa do custo das actividades que terá o contido do artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en que se reflecta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.
- A **XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO** efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

7.1. FACTURAS:

- **Facturas orixinais de gasto** (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, **ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa**, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberan reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.

No caso de que a obrigación de expedir factura poida cumprirse mediante factura simplificada, deberá ter o contido esixido polo artigo 7 do citado Real Decreto.

No ámbito do presente Convenio, esíxese que na factura conste como destinataria a entidade beneficiaria, con expresión do seu Número de Identificación Fiscal.

As facturas ou documentos equivalentes ou substitutivos, **presentaranse en orixinal**;

A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

1. No caso de realizarse o **pagamento de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión “pagamento anticipado” ou outra análoga. Ademais, de acordo co art. 6 apartado i) do Regulamento de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do provedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.
2. Se presentan **facturas pagadas en efectivo**, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado” e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que asmesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da presente subvención

establecese en 600 € (seiscentos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo.

7.2. Para o caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán achegarse:

1. Copias dos **contratos** dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.
2. **Certificado que acredite as horas de traballo** adicadas por cada persoa traballadora ao proxecto asinado polo representante da entidade e polo traballador ou traballadora afecto/a.
3. **Nóminas** de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, o mes o que corresponde dito pagamento así como o concepto (data da nómina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.
4. **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
5. Retención á conta do imposto do **IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
6. Os custos de persoal deberan acreditarse mediante **Certificado de empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada

7. Se con cargo á subvención páganse seguros sociais e retencións de IRPF, só poderán imputarse as cantidades correspondentes aos meses e traballadores cuxas nóminas se imputen.

Non serán imputables á subvención os importes correspondentes ás retencións de IRPF nin os seguros sociais nos casos en que a entidade teña concedido o aprazamento ou fraccionamento de débedas correspondentes ás mesmas, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

No caso de que as facturas, nóminas, TC e os modelos 111 emitíranse electronicamente, a entidade deberá presentar, ademais, a declaración responsable

7.3. A xustificación do **PAGAMENTO** dos gastos de imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

- Preferentemente mediante **transferencia bancaria**: xustificarse mediante copia do resgado do cargo da mesma. E conterá, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.
- **Cheque**: ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
- **Efectivo**: So se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como gasolineiras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscientos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben por medio dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.
- Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.
- No caso de achegar xustificantes de pagamento bancarios no que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a

titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.

8. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello de Santiago) e Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

9. Achegar o **nº de identificación fiscal e nº de conta bancaria** na que facer o ingreso.

10. Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a **adecuada publicidade** do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería de Políticas Sociais e Saúde mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a tal efecto deberán presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **30 de setembro de 2022**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de

novembro, xeral de subvencións , e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, **empregando obrigatoriamente os ANEXOS habilitados ao efecto, dispoñibles na sede electrónica municipal**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen espirais, carpetas clasificadoras, archivadores, encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivamento e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as Entidades; a presentación óptima realizarase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo grampas ou de suxeición similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folla dos modelos normalizados dificulta o proceso nos

registros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando que o selo do rexistro de entrada figure no documento da entidade beneficiaria de presentación da documentación preceptiva.

Así mesmo, co obxecto de verificar os datos contidos nos soportes documentais aportados será necesario que a Entidade axunte vía telemática a documentación aportada, os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención a través da remisión de todos os **ANEXOS que se en formato de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados, a través do seguinte correo electrónico (conveniospsociais@santiagodecompostela.gal) - Concellería da Área de Políticas de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela, coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello isto e, **30 de setembro de 2022**.

SETIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2022, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as explicitadas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Remitir todos os ANEXOS en formato **de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados vía telemática a Concellería da Área de Políticas de Igualdade os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para

facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.

- d) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se encontra, o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- i) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na **cláusula oitava** do presente convenio.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- k) Perder o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- l) Dado que a subscripción do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas, voluntarias, becarias ou profesionais que desenvolvan as accións obxecto do mesmo, e o Concello de Santiago de Compostela, a entidade beneficiaria comprométese a manter indemne diante de calquera reclamación, sen poder esixírselle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

OITAVA. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería da Área de Políticas de Igualdade. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada pólo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as

citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE N° 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, régulase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.
2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:
 - a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.

- b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS, E TRANSPARENCIA

1. A **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P.** é a responsable única e directa dos tratamentos de datos de carácter persoal aos que puidera dar lugar a execución deste convenio e está obrigada ao cumprimento das prescricións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de Abril de 2016 así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como do resto de disposicións normativas que en materia de protección de datos se atopen en vigor á sinatura do convenio ou que poidan estalo durante a súa vixencia.

2. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

DÉCIMA. AVALIACIÓN E INTERPRETACIÓN

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico da Concellaría de Políticas de Igualdade e da Entidade). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

DECIMOPRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECIMOSEGUNDA. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓN

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2022, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

DECIMOTERCEIRA.- RESPONSABILIDADE

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria.

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo de ser subvencionables as accións ata a data límite para a presentación da xustificación indicada nas cláusulas quinta e sexta.

DECIMOQUINTA. CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polo polas cláusulas establecidas no convenio, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio e os seus anexos por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

| | |
|--|---|
| | |
| Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo Alcalde do Concello de Santiago de Compostela | Fundación Universidade de Santiago de Compostela |

ANEXO I

**ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS
CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBJECTO DO CONVENIO E PARA OS
CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

ACTIVIDADE/PROGRAMA: PROGRAMA “VERÁN CAMPUSC 2022”.

| CONCEPTOS | ORZAMENTO 2022 |
|---|-----------------------|
| Dinamización das actividades de ocio e tempo libre no programa de conciliación Verán CampUSC 2022 | 9.200,00 € |
| TOTAL | 9.200,00 € |

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuito e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento e un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos, incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con esta entidade. Así mesmo, informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación,

oposición e portabilidade e revocar este consentimento, segundo o previsto na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2022. ,Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA